

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 30 OUTUBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de Outubro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de Outubro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.**

#### CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Dona Celsa Ferreiro Varela**, con domicilio na rúa Garcia Penedo nº 4, 2º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Fornos nº 14., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 4.000 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don José Felicísimo Pereira Freijido**, con domicilio na rúa Cervantes nº 5, 1º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Cervantes nº 5, 1º., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 4.000 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as

obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don José Felicísimo Pereira Freijido**, con domicilio na rúa Cervantes nº 5, 1º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Cervantes nº 5, B/C., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 4.000 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **dona Maria Consuelo Ramonde López**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 5, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don David Eiriz Alvarez**, con domicilio na rúa Progreso nº 53, baixo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado pola **Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte**, con domicilio na avda. Habana nº 79, 3º, Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Ribeiro nº 76, baixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida solicitado que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

#### DEVOLUCION DE AVAL.-

Visto o escrito de **Construccións Vázquez Fidalgo S.L.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Infravivenda rural en Ventosela”, con domicilio na Quinza, no que solicita a devolución da fianza definitiva da obra denominada “Rehabilitación de vivenda rural en Ventosela”, por importe de 1.745,66 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

#### CONDICIONS URBANISTICAS.-

**Expte: 02/10/2006/4586-CU/317:** Vista a solicitude de **Don Nemesio Fernández Soto**, con domicilio na estrada de Carballeda de Avia nº 2, A Franqueirán, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na estrada de Carballeda de Avia-Paraxe Santiago-A Franqueirán (Ref. Catastral, Polígono 6, Parcela 433), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 27.10.06, que literalmente di:

1. Na parcela de referencia existen unhas instalacións compostas por:
  - a. Nave galliñero, uso actual de galliñas poñedoras (vacía).  
Varios anexos en adose á nave principal para usos complementarios e galpón aislado, toda cunha superficie total de 722,19 m<sup>2</sup>.
  - b. Foi tramitado ante esta Administración e Administración Especializada un expediente administrativo de “RECONOCIMIENTO DE EXISTENCIA DE EXPLOTACIÓN AGRARIA”.
  - c. Non constando que sobre as instalacións fose incoado un expediente de reposición de legalidade.
  - d. Sí consta unha denuncia de D. José Lorenzo Rodríguez, (11/10/06) por presuntas obras sen licenza e que afectan ao cerre respecto á carretera de Carballeda. (Expediente en trámite.)
  
2. O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2. Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.
  
3. A parcela 433 do Polígono 6, scalifícase según as NNSSM, como Solo Rústico, sendo de aplicación o Rexime establecido no Art. 31 da LOUGA.
  - a. Na Categoría que se establece no Art. 32-2a ) Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA) da LOUGA.

- b. Os usos e actividades en Solo Rústico, sestablécense no Art. 33 da LOUGA.
- c. Son de aplicación as Disposicións da Sección IV Solo Rústico, Subsección I. Rexime; así como disposicións complementarias.

4. Adxúntase co presente informe:

- a. Plano Catastral.
- b. Plano NNSSM.
- c. Copia do Art. 32 da LOUGA”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “ Resolución da Secretaria Xeral de Emigración, concedendo subvención para favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria, por importe de 9.000 euros”.

- “ Da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comunicando Orde do 5 de outubro de 2006 pola que se prorroga a autorización a Conservatorios de Música de titularidade municipal para impartir con carácter provisional durante o curso 2006/2007, os graos elemental e/ou medio de ensinanzas musicais”.

-“ Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a empresa de Protección Medioambiental S.L., para a recollida selectiva de aceites fritos usados”.

-“ Do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2, de Ourense, Sentencia relativa o procedemento abreviado nº 47/06-C ”.

- “ De Gestima S.L., remitindo documentación sobre a marcha da explotación da concesión do aparcadoiro da Alameda do Concello”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **EXECUCION DE OBRAS POR ADMINISTRACION.-**

Habéndose previsto no Plan de Obras Municipais a execución das obras de Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais. Rúa Merelles Caula , contando o Concello cos medios propios necesarios para proceder a execución según o disposto no artigo 152 da LCAP.

Habéndose elaborado o Proxecto de Obras para a execución das obras e emitidos os informes necesarios por parte da Secretaría e os Servizos Técnicos deste Concello.

Consta Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para a execución de obras de Urbanización e Infraestructuras na rúa Mérelles Caúla de data 27 de setembro de 2006..

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto denominado “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais. Rúa Merelles Caula”. As obras serán executadas polo propio Concello de Ribadavia (Obras por Administración) a través dos seus propios servizos.

**SEGUNDO.** As obras ascenden á cantidade de 133.113,77 euros e deberán ser executadas no prazo máximo de 3 meses.

**TERCEIRO.** A obra xustificárase a través de certificacións de obra executada suscritas polo Director de obra e informadas favorablemente polos técnicos da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, as cales se expedirán mensualmente e comprenderán a obra executada durante dito período de tempo e aprobadas polo órgano competente.

**CUARTO.-** Nomear como Técnico Director da obra a don Casimiro Fontenla Bugallo.

#### **APROBACION DE FACTURA.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura de Sogama, relativa o tratamento de Residuos Sólidos Urbanos na Planta de transferencia de San Cibrao correspondente o mes de maio de 2006, por importe de 7.781,66 euros. .- Así mesmo acordase comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **ADSCRIPCION DE PERSOAL.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda adscribir a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia as seguintes traballadores do Concello:

Don Vicente Soto Rodríguez nun porcentaxe do 40%.

Don Rafael Cid Fernández, nun porcentaje do 40%.

Dona Maria Julia Mosquera Vázquez, nun porcentaxe do 20%.

Don Manuel Vázquez Gregorio, nun porcentaxe do 20%.

Don Luis Pérez Díaz, nun porcentaxe do 20%.

Don José Manuel Taboada Fernández, nun porcentaxe do 20%,

A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2006 e no porcentaxe correspondente, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

#### **APROBACION DE SUBVENCIONS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención o Fútbol Club Ribeiro, para a organización do II Campus de Fútbol Ribeiro, por importe de 150 euros. A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.

#### **APROBACION DE CONTRATO DE SINALIZACION URBANA.-**

En relación co proxecto de sinalización urbana do Concello de Ribadavia mediante postes telescópicos presentado pola empresa Proelite S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o proxecto de sinalización presentada pola empresa Proelite S.L. (Estudio de Ubicaciones e Planos de Localización (Anexo I); Retiradas (Anexo II).

2º.- Conceder autorización a empresa Proelite S.L. para a colocación de postes telescópicos de sinalización urbana de acordo co proxecto presentado.

3º.- Facultar o Sr. Alcalde para asinar cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.